



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

[Miña soghra] cando mexa  
sete muíños fai andar-e.  
¡Caramba pa miña soghra  
qué maneira ten de mexar-e!

Rabeaches pola peneira,  
rabeaches por peinerar.  
Rabeaches por ter amores  
rabeaches por ter casar.

Miña soghra cando mexa  
sete muíños fai andar-e.  
¡Caramba/Carrallo pa miña soghra  
qué maneira ten de mexar!

Amores ó lonxe, ó lonxe  
que acá cerca calquera ós ten-he.  
Canto máis ó lonxe ó lonxe,  
canto máis ó lonxe ben-he.  
Ai la, la, la...

A Virgen de Ghuadalupe...

Cada vez que considero  
que de ti me hei de apartar-e  
encheseme os ollos de augha  
non fago se non chorar-e.  
Ai la la la, Ai la la la

Que veño de carabuñada  
borracho perdido  
por unha asturiana.

Amor mío cuando vengas,  
no vengas a la deshora  
que en la esquina de mi casa  
hai una marmuladora.  
Ai la la la, Ai la la la

Este tono é así:

Que vengo de carabuñada  
borracho perdido  
por unha asturiana.